Neste caso non é tarefa doada definir a data máis adecuada, por traballar con fontes de información capturadas en épocas diferentes.

Así por exemplo, para os conxuntos de datos obtidos por restitución, débese tomar a data de voo e para aqueles que inclúen traballo de campo, para completar os traballos fotogramétricos, débese tomar a data de toma de datos sobre o terreo.

Outro problema acontece ao intentar determinar unha data única para o produto completo posto que non sempre se realiza a cobertura fotogramétrica nun día e moito menos o traballo de campo.

Recoméndase escoller como data máis representativa do produto completo a que sexa válida para a zona máis extensa.

9.2.3. Formato de distribución

Este campo dá a coñecer os distintos formatos nos que se poden encontrar os datos mediante o nome e a versión do formato de transferencia.

Recoméndase utilizar como nome do formato a extensión máis representativa deste (SHP para ShapeFile).

9.2.4. Localización xeográfica

A descrición do espazo xeográfico cuberto polos datos realízase mediante un polígono envolvente no mesmo sistema de referencia do conxunto de datos.

Recoméndase definir un rectángulo e expresar a lonxitude oeste, lonxitude este, latitude norte e latitude sur en graos decimais con seis decimais significativos.

9.2.5. Idioma

Neste campo debe indicarse o idioma ou idiomas utilizados no conxunto de datos, non no de metadatos. Para iso escollerase o código correspondente dos especificados na norma ISO639-2. Para Galicia o código é: glg (galego).

9.2.6. Categoría do tema

Dado que o obxecto ao que se refiren os metadatos é un "conxunto de datos" tense que especificar o tema ou temas principais deste, a escoller dentro dun dominio de valores preestablecidos.

Recoméndase seleccionar 1 ou máis dos valores seguintes: "elevation/006/elevación", "imageryBaseMapsEarthCover/010/cobertura da Terra con mapas básicos e imaxes", "structure/017/estructuras" e "transportation/018/transporte".



Se o conxunto de datos inclúe os límites administrativos actualizados, coa calidade axeitada á escala e aplicable a todos eles deberíase engadir o valor "boundaries/003/límites".

9.2.7. Resumo descritivo

Breve resumo descritivo do conxunto de datos. Recoméndase un texto xenérico válido para o produto completo.

Recoméndase identificar o produto do que derivan os datos e destacar aqueles aspectos que poidan ser relevantes para o usuario, por exemplo indicando o rango da data de referencia.

9.2.8. Información de agregación

Aínda que non sexa un campo obrigatorio, recoméndase achegar información sobre o conxunto de datos orixinal mediante un identificador, o nome do conxunto de datos e o responsable deste.

9.2.9. Sistema de referencia

Recoméndase documentar o sistema de referencia cos códigos establecidos por European Petroleum Survey Group (EPSG) para cada proxección e datum.

9.2.10. Calidade

No perfil español de metadatos NEM, defínese a calidade como obrigatoria a diferenza da norma ISO19115 na que se considera optativa. Iso supón achegar información que lle permita ao usuario seleccionar o conxunto de datos que mellor satisfaga as súas necesidades.

A información achegada pode ser de aplicación a distintos niveis, por iso o primeiro que hai que indicar é o ámbito de aplicación da descrición da calidade.

En primeiro lugar, elixindo como ámbito de aplicación o valor "dataset/005/conxunto de datos" débese incluír a liñaxe como compoñente cualitativo da calidade e os elementos cuantitativos controlados, de acordo co contido da sección 7 deste documento. No caso de que non se dispoña de medidas de calidade débese incluír a expresión "non dispoñible, non realizado" nos ítems oportunos.

Ademais, pódense engadir outras medidas de calidade cuxo ámbito de aplicación sexa máis reducido ou distinto ao do conxunto de datos seguindo o mesmo patrón.

Unha vez fixado o ámbito, a mínima información requirida de conformidade con estas especificacións para describir os compoñentes cualitativos da calidade é a seguinte:

- Liñaxe

É conveniente sintetizar cal foi o proceso que se levou a cabo para xerar o conxunto de datos, como guía de axuda a responsables da creación de datos de características similares. Isto pódese facer con un ou máis dos seguintes ítems:

- Declaración

Encher este ítem cunha descrición o máis detallada posible sobre o proceso que se levou a cabo para xerar o conxunto de datos. É de especial interese achegar información sobre aqueles aspectos específicos dos datos orixinais. Por exemplo, fenómenos ou características de certos fenómenos que nos datos orixinais non se recollen.

- Paso do proceso

Describir métodos aplicados, criterios asumidos, metodoloxías adoptadas,





algoritmos usados, software utilizado etc. Pode ser de interese para o usuario coñecer, por exemplo, se as curvas de nivel se obtiveron mediante un proceso de correlación e depurado posterior ou mediante restitución directa ou calquera outro método.

Recoméndase que aquelas fontes de información necesarias para culminar satisfactoriamente algunha das etapas do proceso se mencionen na devandita etapa. Por exemplo: estación de referencia de procedencia dos datos utilizados para orientar as imaxes, axuste da rede xeodésica da que se obtiveron as coordenadas dos vértices da rede xeodésica de referencia etc.

- Fonte

Descibir as fontes de información utilizadas e as súas principais características de modo que poidan identificarse claramente. O uso de calquera documento oficial utilizado para a obtención de certos atributos ou fenómenos debe quedar documentado indicando o título do documento, o organismo responsable e a data publicación.

Tamén se inclúe información sobre os resultados dos distintos controis realizados como información dos compoñentes cuantitativos da calidade seguindo o patrón proposto por NEM: nome da medida, descrición desta e resultado.

- Exactitude posicional externa absoluta

De acordo co contido do apartado 7.1, a descrición deste subelemento de calidade farase a través dun conxunto de medidas.

- Nome das medidas

Para describir a exactitude horizontal indicárase $sesgo_{XY}$ para mostrar a existencia ou non de erros sistemáticos e súa importancia e EMC_{XY} para estimar a precisión e describirase a exactitude vertical mediante $sesgo_H$ e EMC_H . Recoméndase expresar estas medidas agrupadas en dúas: exactitude horizontal e exactitude vertical.

- Descrición das medidas

Neste campo especificaranse as características do método de medida: distribución da mostra, número de puntos etc.

- Resultados

Os resultados sobre a exactitude horizontal recoméndase que se presenten como un vector cuxos compoñentes son $(sesgo_x, sesgo_y)$ e (EMC_x, EMC_y) e os referidos á exactitude vertical como o vector $(sesgo_H, EMC_H)$.

Os valores estarán expresados en metros e así se indicará no ítem correspondente.

- Exactitude posicional relativa

Se se controlou a coherencia altimétrica entre certo tipo de fenómenos recoméndase indicar a conformidade aos criterios establecidos. Así, como resultado de calidade detallarase:





- Especificación
Citar o documento que inclúe o requisito que se avalía: título e data
 - Explicación
Comentario sobre o significado do resultado de conformidade
 - Aprobación
Indicación da conformidade do resultado, onde 0=non se acepta e 1=acéptase.
- Consistencia de dominio
Débese asegurar a adherencia dos valores ao dominio marcado para estes, é dicir, que todos os códigos contidos no conxunto de datos están incluídos neste catálogo. Iso non significa que aqueles atributos cuxo dominio de valores non está especificado (códigos de estrada) cumpran con este requisito.
Expresárase cos campos: especificación, explicación e aprobación.
- Consistencia xeométrica
Como no caso anterior expresárase a conformidade a estas especificacións a través dos campos: especificación, explicación e aprobación.
- Consistencia topolóxica
De acordo co contido do apartado 7.2.3 a descrición deste subelemento de calidade farase a través dunha medida que indique se se cumpren ou non as condicións.
 - Nome das medidas
Para describila indicárase a conformidade ou non a cada unha das condicións. Se non se realizan medidas utilizarase o valor "no disponible"
 - Descrición das medidas
Neste campo especificaranse as características da metodoloxía utilizada. Se non se tomaron medidas utilizarase o valor "no aplicable"
 - Resultados
Os resultados presentaranse como un vector de variables lóxicas. As unidades tomarán o valor "no aplicable"
- Consistencia conceptual
De acordo co contido do apartado 7.2.4 a descrición deste subelemento de calidade expresárase a conformidade a estas especificacións a través dos campos: especificación, explicación e aprobación.
- Omisión
De acordo co contido do apartado 7.4.1 a descrición deste subelemento de calidade constará de:
 - Nome das medidas
Para describila indicárase, como recomenda NEM, a porcentaxe de





fenómenos esquecidos fronte ao número de fenómenos existentes no universo de discurso (mundo real). Se non se realizan medidas utilizarase o valor "no disponible".

- Descrición das medidas

Neste campo especificaranse as características da metodoloxía utilizada, é dicir, criterios de selección da mostra, que se considera "mundo real". Se non se tomaron medidas utilizarase o valor non aplicable

- Resultado

Descríbese con dous ítems: unidades en que se expresa o resultado e o valor deste.

O nome das unidades será "tanto por cento" e o dominio de valores posible será un número que tomará por defecto o valor 0, se non hai valores dispoñibles.

- Comisión

De acordo co contido do apartado 7.4.2 a descrición deste subelemento de calidade constará de:

- Nome das medidas

Para describila indicárase, como recomenda NEM, a porcentaxe de fenómenos sobrantes fronte ao número de fenómenos presentes no universo de discurso (mundo real). Se non se realizan medidas utilizarase o valor "no disponible".

- Descrición das medidas

Neste campo especificaranse as características da metodoloxía utilizada, é dicir, criterios de selección da mostra, que se considera "mundo real". Se non se tomaron medidas utilizarase o valor non aplicable.

- Resultados

Descríbese con dous ítems: unidades en que se expresa o resultado e o valor deste.

O nome das unidades será "tanto por cento" e o dominio de valores posible será un número que tomará por defecto o valor 0 se non hai valores dispoñibles.

10. REPRESENTACIÓN

Recoméndase describir dalgún xeito as regras de representación, é dicir a simboloxía utilizada, para mostrar a información xeográfica: cores, grosos de liña, símbolos puntuais, lineais, fonte dos rótulos etc.

Para iso é recomendable utilizar o nome ou o código único que identifica cada tipo de fenómeno e asociarlle unha descrición de todos os parámetros e valores necesarios para describir axeitadamente a representación asociada, con liberdade de utilizar formatos non estándar de descrición da simboloxía ou facer referencia a un enderezo público en Internet onde se describa este aspecto.



11. FORMATO DE TRANSFERENCIA

Para o intercambio de datos recoméndase a utilización do formato ESRI Shapefile, tendo presente a intención de utilizar nun futuro o formato GML (Geographic Markup Language) tal e como o define Open Geospatial Consortium, na versión que aprobe a norma ISO19136.

Alternativamente, pode utilizarse calquera outro formato propietario ou aberto, acordado entre o proveedor e o usuario dos datos.

Sempre se implementará o Modelo Conceptual descrito na sección 5.3, utilizando tan só as primitivas xeométricas punto (GM_Point), liña (GM_LineString) e polígono (GM_Polygon).

CATÁLOGO DE FENÓMENOS DA BASE TOPOGRÁFICA DE GALICIA (BTG) V1.0



TEMA	CÓD.	NIVEL	FENÓMENO
08_Relieve	0001	N1	Curva batimétrica
08_Relieve	0002	N1	Curva de nivel
08_Relieve	0003	N1	Cambio brusco de pendiente
08_Relieve	0004	N2	Escarpado
08_Relieve	0005	N2	Margen de banal
08_Relieve	0006	N2	Talud
08_Relieve	0007	N1	Punto de cota
08_Relieve	0009	N2	Punto de cota en construcción elevada
08_Relieve	0008	N2	Punto de cota en terreno
08_Relieve	0010	N1	Punto de sonda
08_Relieve	9051	N1	Cueva natural
06_Hidrografía	0014	N1	Aguas quietas
06_Hidrografía	0017	N2	Embalse
06_Hidrografía	0016	N2	Laguna
06_Hidrografía	0015	N2	Mar
06_Hidrografía	0011	N1	Corriente artificial
06_Hidrografía	0012	N1	Corriente natural
06_Hidrografía	0013	N1	Costa natural
06_Hidrografía	0025	N1	Isla
06_Hidrografía	0018	N1	Punto hidrográfico de interés
06_Hidrografía	0020	N2	Captación
06_Hidrografía	0021	N2	Punto fluvial
06_Hidrografía	0019	N2	Surgencia
06_Hidrografía	0022	N1	Recinto de agua
06_Hidrografía	0023	N2	Estanque
06_Hidrografía	0024	N2	Piscina
05_Redes de transporte	0026	N1	Camino
05_Redes de transporte	0027	N1	Carretera
05_Redes de transporte	0028	N2	Carretera de calzada doble
05_Redes de transporte	0029	N2	Carretera de calzada única
05_Redes de transporte	0119	N1	Carril bici
05_Redes de transporte	0031	N1	Punto kilométrico de carretera
05_Redes de transporte	0032	N1	Punto kilométrico de ferrocarril
05_Redes de transporte	0033	N1	Senda
05_Redes de transporte	1610	N1	Pista
05_Redes de transporte	0034	N1	Transporte suspendido por cable
05_Redes de transporte	0035	N1	Vía férrea
05_Redes de transporte	0039	N2	Cremallera
05_Redes de transporte	0036	N2	Ferrocarril





TEMA	CÓD.	NIVEL	FENÓMENO
05_Redes de transporte	0037	N2	Funicular
05_Redes de transporte	0040	N2	Metro
05_Redes de transporte	0038	N2	Tranvía
05_Redes de transporte	0041	N1	Vía pecuaria
05_Redes de transporte	0042	N1	Vía urbana
05_Redes de transporte	9031	N1	Mediana
14_Edificaciones, construcciones y población	0043	N1	Boca de túnel
14_Edificaciones, construcciones y población	0118	N1	Calzada romana
14_Edificaciones, construcciones y población	0044	N1	Cercado
14_Edificaciones, construcciones y población	0048	N2	Alambrada
14_Edificaciones, construcciones y población	0045	N2	Muro
14_Edificaciones, construcciones y población	0047	N2	Seto
14_Edificaciones, construcciones y población	0046	N2	Valla
14_Edificaciones, construcciones y población	0049	N1	Chimenea
14_Edificaciones, construcciones y población	0154	N1	Cueva
14_Edificaciones, construcciones y población	0051	N1	Depósito
14_Edificaciones, construcciones y población	0053	N2	Depósito de agua
14_Edificaciones, construcciones y población	0054	N2	Depósito de hidrocarburos
14_Edificaciones, construcciones y población	0052	N2	Depósito genérico
14_Edificaciones, construcciones y población	0055	N2	Silo
14_Edificaciones, construcciones y población	0050	N1	Depósito de residuos
14_Edificaciones, construcciones y población	0056	N1	Edificación
14_Edificaciones, construcciones y población	1516	N2	Edificación religiosa
14_Edificaciones, construcciones y población	1513	N2	Edificación industrial
14_Edificaciones, construcciones y población	1519	N2	Molino
14_Edificaciones, construcciones y población	0057	N1	Edificación ligera
14_Edificaciones, construcciones y población	0058	N1	Elemento construido
14_Edificaciones, construcciones y población	0030	N1	Explanada
14_Edificaciones, construcciones y población	0059	N1	Explotación minera
14_Edificaciones, construcciones y población	0060	N2	Explotación a cielo abierto
14_Edificaciones, construcciones y población	0061	N2	Explotación subterránea
14_Edificaciones, construcciones y población	0062	N1	Helipuerto
14_Edificaciones, construcciones y población	0063	N1	Manzana
14_Edificaciones, construcciones y población	0064	N1	Muelle-espigón
14_Edificaciones, construcciones y población	0065	N1	Muralla
14_Edificaciones, construcciones y población	0066	N1	Muro de contención
14_Edificaciones, construcciones y población	0067	N1	Pasarela
14_Edificaciones, construcciones y población	0068	N1	Pista de aeródromo
14_Edificaciones, construcciones y población	0069	N1	Pista deportiva





TEMA	CÓD.	NIVEL	FENÓMENO
14_Edificaciones, construcciones y población	0070	N1	Presa
14_Edificaciones, construcciones y población	0080	N1	Puente
14_Edificaciones, construcciones y población	0081	N1	Señal de navegación
14_Edificaciones, construcciones y población	0082	N1	Torre
14_Edificaciones, construcciones y población	0086	N2	Torre de tendido
14_Edificaciones, construcciones y población	0085	N2	Torre de transporte
14_Edificaciones, construcciones y población	0084	N2	Torre de vigía
14_Edificaciones, construcciones y población	0083	N2	Torre genérica
14_Edificaciones, construcciones y población	9071	N1	Acera
19_Servicios e instalaciones	0087	N1	Aerogenerador
19_Servicios e instalaciones	0088	N1	Antena
19_Servicios e instalaciones	0089	N1	Cinta transportadora
19_Servicios e instalaciones	0090	N1	Conducción
19_Servicios e instalaciones	0092	N2	Conducción de agua
19_Servicios e instalaciones	0093	N2	Conducción de hidrocarburos
19_Servicios e instalaciones	0091	N2	Conducción genérica
19_Servicios e instalaciones	0094	N1	Espacio dotacional
19_Servicios e instalaciones	0095	N2	Aeródromo
19_Servicios e instalaciones	0101	N2	Área de descanso
19_Servicios e instalaciones	0099	N2	Área de peaje
19_Servicios e instalaciones	0100	N2	Área de servicio
19_Servicios e instalaciones	0102	N2	Camping
19_Servicios e instalaciones	0103	N2	Campo de golf
19_Servicios e instalaciones	0107	N2	Cementerio
19_Servicios e instalaciones	0097	N2	Estación de autobuses
19_Servicios e instalaciones	0098	N2	Estación ferroviaria
19_Servicios e instalaciones	0112	N2	Instalación de energía eléctrica
19_Servicios e instalaciones	0114	N2	Instalación de hidrocarburos
19_Servicios e instalaciones	0115	N2	Instalación de telecomunicaciones y medición
19_Servicios e instalaciones	0113	N2	Instalación de tratamiento de aguas
19_Servicios e instalaciones	0104	N2	Instalación deportiva
19_Servicios e instalaciones	0152	N2	Instalación educativa
19_Servicios e instalaciones	0106	N2	Instalación militar
19_Servicios e instalaciones	0153	N2	Instalación sanitaria
19_Servicios e instalaciones	0108	N2	Parque de atracciones
19_Servicios e instalaciones	0109	N2	Parque-jardín
19_Servicios e instalaciones	0111	N2	Planta de tratamiento de residuos
19_Servicios e instalaciones	0096	N2	Puerto
19_Servicios e instalaciones	0110	N2	Recinto industrial





TEMA	CÓD.	NIVEL	FENÓMENO
19_Servicios e instalacións	0105	N2	Yacimiento arqueolóxico
19_Servicios e instalacións	1567	N2	Instalación recreativa
19_Servicios e instalacións	1504	N2	Agrupación de edificios
19_Servicios e instalacións	1570	N2	Estación de bombeo
19_Servicios e instalacións	9081	N2	Centro penitenciario
19_Servicios e instalacións	0116	N1	Tendido
19_Servicios e instalacións	1704	N1	Pozo de gas
19_Servicios e instalacións	0117	N1	Pozo de petróleo
03_Nombres_geográficos	0120	N1	Texto cartográfico
03_Nombres_geográficos	0121	N1	Nombre geográfico
11_Cubierta_terrestre	0122	N1	Arbolado forestal
11_Cubierta_terrestre	0135	N1	Coberturas húmedas
11_Cubierta_terrestre	0136	N2	Humedales continentales
11_Cubierta_terrestre	0137	N2	Humedales costeros
11_Cubierta_terrestre	0139	N1	Cortafuegos
11_Cubierta_terrestre	0123	N1	Cultivos
11_Cubierta_terrestre	0124	N2	Cultivos herbáceos
11_Cubierta_terrestre	0125	N2	Cultivos leñosos
11_Cubierta_terrestre	0126	N2	Huerta
11_Cubierta_terrestre	0127	N2	Dehesa
11_Cubierta_terrestre	0128	N2	Prado
11_Cubierta_terrestre	0130	N1	Matorral
11_Cubierta_terrestre	0141	N1	Núcleo urbano
11_Cubierta_terrestre	0131	N1	Playas, dunas y arenales
11_Cubierta_terrestre	0132	N1	Roquedo
11_Cubierta_terrestre	0133	N1	Suelo desnudo
11_Cubierta_terrestre	0140	N1	Vegetación y arbolado urbano
11_Cubierta_terrestre	0134	N1	Zona quemada
11_Cubierta_terrestre	1404	N1	Árbol
11_Cubierta_terrestre	0162	N1	Zona sin usos



**DICIONARIO DE DATOS DA
BASE TOPOGRÁFICA DE GALICIA (BTG) V1.0**

12. INTRODUCCIÓN

O propósito deste dicionario de datos é completar as especificacións técnicas e describir de forma detallada todos e cada un dos fenómenos que modelan os entes topográficos do mundo real na BTG 1:5 000 v1.0.

O dicionario está estruturado en dúas partes claramente diferenciadas. Na primeira especificanse as características xerais do catálogo de fenómenos (preámbulo) e na segunda, que constitúe en si o dicionario, explícanse de forma concreta e detallada a xeometría, definición, método de captura, atributos, clasificación baseada nos atributos, criterios de selección, gráficos aclaratorios e recomendacións para a representación de cada un dos fenómenos da BTG 1:5 000.

13. CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS FENÓMENOS

Neste punto preténdese dar unha visión global das características xerais do catálogo e describir as propiedades comúns a todos os fenómenos da BTG 1:5 000 ou a conxuntos de fenómenos con características comúns (por exemplo, unha mesma xeometría, unha mesma combinación de valores de seus atributos etc.).

O obxectivo é presentar a información común a importantes grupos de fenómenos para uniformizar criterios, evitar repeticións innecesarias nas fichas do catálogo e clarificar a presentación da devandita información.

O presente catálogo prevé un máximo de tres niveis de especialización (N1, N2 e N3), entre os cales se establecen relacións de herdanza entre fenómenos de nivel superior (padre) y de nivel inferior (subfenómenos ou hijos).

A continuación preséntanse as características e información comúns citadas anteriormente, agrupadas por capítulos equivalentes aos distintos apartados da ficha tipo do catálogo.

13.1. Fenómeno

Cada fenómeno do catálogo identifícase polo seu código e o seu nome.

O código do fenómeno está formado por 4 díxitos consecutivos sen ter en conta a xerarquía citada anteriormente. Constitúe un identificador único do fenómeno, que se asignou por orde de entrada no catálogo segundo unha secuencia de números correlativos, sen ningunha outra significación adicional, e reenchén con ceros pola esquerda.

13.2. Xeometría

Os fenómenos da BTG 1:5 000 poden adoptar tres tipos de primitivas xeométricas:

- *punto*
- *liña*
- *polígono*

Un mesmo fenómeno pode modelarse con máis dun tipo de primitiva. Por exemplo, en función das dimensións do ente real modelado ou do valor que toman seus atributos, un mesmo fenómeno pode ser potencialmente representado por un *punto* ou por unha *liña*, por un *punto* ou por un *polígono*, por unha *liña* ou por un *polígono*, por dous tipos de primitivas ou por tres tipos de primitivas.

En caso de fenómenos que delimitan áreas o zonas cerradas, son sempre representadas mediante xeometría do tipo *liña*. Opcionalmente, pode incluírse na representación o tipo *polígono*, pero sempre acompañado do anterior. A única excepción é a do fenómeno *Mar*, o cal se representa necesariamente polo tipo *liña* e *polígono*, simultaneamente.

13.3. Captura

Cada un dos fenómenos da BTG 1:5 000 captúrase dunha forma característica, polo que se detalla na ficha correspondente, describindo a súa obtención tanto en planimetría como en altimetría.

Non obstante, pódense definir de forma xeral os aspectos que a continuación se detallan.

Na captura de fenómenos representados mediante xeometrías de tipo *liña*, sempre que non exista unha liña de rotura en cota ou en tanxencial, deberase cumprir que a distancia dun vértice ao anterior sexa inferior a 25,00 m e que a distancia entre un vértice e a aliñación definida polos dous vértices anteriores sexa menor de 2,50 m.

13.3.1. Orientación de entidades

Cando se require capturar un fenómeno con orientación (sentido de captura) segundo a cota, admítense flutuacións desta variable contrarias ao sentido esperado da orde de precisión propia do método de captura (0,30 m). Por exemplo, na captura dunha *Corriente natural* (para o que se require a captura no sentido definido do nacemento a súa desembocadura), a altura do punto inicial dun tramo sempre debería ser superior ao do punto final, pero admítense discrepancias no sentido contrario de ata 0,30 m.

13.3.2. Ocultación de entidades

Cando unha entidade máis elevada dun fenómeno, representada mediante primitivas xeométricas tipo *polígono*, cruza superiormente outra entidade, prodúcese a ocultación de parte desta última.

No caso xeral, na BTG inclúense as liñas e superficies ocultas, convenientemente clasificadas segundo os atributos COMPONENT1D e COMPONENT2D, respectivamente.

13.3.3. Conexión entre entidades

Respecto á captura de entidades dos fenómenos que forman parte da rede hidrográfica ou rede viaria, deben tomarse en consideración as recomendacións sobre completitude, continuidade e conexión citadas nos apartados 6.2.4 e 6.2.2 das especificacións da BTG, respectivamente.

A continuación faise unha listaxe dos fenómenos que forman parte de cada unha destas redes

- Rede hidrográfica:

Aguas quietas (Embalse, Laguna, Mar), Corriente artificial e Corriente natural.

Así mesmo, pódese considerar parte da rede hidrográfica *Conducción de agua*, pertencente ao tema *Servicios e Instalaciones*.

- Rede viaria:



Camino, Carretera (Carretera de calzada dobre, Carretera de calzada única), Carril bici, Senda, Vía pecuaria e Vía urbana.

As diferentes clases de Vía férrea (Cremallera, Ferrocarril, Funicular, Metro e Tranvía) deben entenderse formando parte doutra clase de rede viaria, independente da que forman os fenómenos citados previamente.

13.4. Atributos e clasificación

O nome identificador dos atributos na BTG 1:5 000 fórmase en función de se o devandito atributo pode utilizarse potencialmente en calquera fenómeno ou tan só no fenómeno en cuestión. No primeiro caso o nome formase mediante unha cadea de caracteres en alusión ao nome do atributo e, no segundo caso, de forma adicional engádese unha referencia ao fenómeno ao que se asocian (o código do fenómeno). Codifícase mediante unha cadea de 10 caracteres do alfabeto castelán en maiúsculas (excepto a letra “Ñ”), podendo incluír díxitos do 0 ao 9, e incluíndo o carácter “_” para separar a parte relativa ao nome do fenómeno da referencia ao código do fenómeno, en caso de que esta sexa necesaria. En ningún caso os caracteres incorporan til.

Cada unha das posibles combinacións de atributos que subclasifican un fenómeno denomínanse *caso*. Segundo isto, distínguense dous tipos de atributos: os cualificadores e os complementarios.

13.4.1. Atributos cualificadores

O primeiro tipo está constituído por aqueles atributos que caracterizan o fenómeno dende o punto de vista da BTG, participando na diferenciación de casos. Teñen un dominio fixo de valores, cada un co seu significado, que dalgunha forma clasifican o fenómeno en cuestión en categorías diferenciadas.

Os valores destes atributos teñen asociado un código de 3 caracteres do alfabeto castelán en maiúsculas (excepto a letra “Ñ”), podendo incluír díxitos do 0 ao 9 e o carácter “_” como espazador; este código é único no contexto do atributo.

a. Valores comúns aos atributos cualificadores

Existen catro valores, potencialmente asociados a este tipo de atributos, que, debido ao seu uso xeneralizado no catálogo, convén destacar neste punto. En calquera caso a presenza dos seguintes valores nos devanditos atributos non é preceptiva, utilizándose o conxunto de valores que en cada caso se especifique na ficha de fenómeno correspondente.

O valor **“/caso genérico”** adoptase cando a entidade do fenómeno que se vai clasificar cumpre coa situación prevista por defecto no atributo e non cumpre coa de ningún outro dos valores restantes. Esta situación detallase para cada atributo nas fichas de fenómeno, explicando en que consiste ou cando se produce.

O valor **“/otro”** adóptase cando ningún outro dos valores previstos no atributo reflicte as características do fenómeno que se vai clasificar.

O valor **“/sin clasificar”** adoptase cando, por descoñecemento ou por non efectuar a discriminación, o fenómeno non está clasificado segundo o atributo.



O valor **“/no aplicable”** adoptase cando, por non ter sentido ou por algún outro motivo xustificado, a entidade do fenómeno que se vai discriminar non lle é de aplicación a clasificación segundo o atributo.

Adicionalmente, existe un quinto valor que ten un significado específico con relación ao contido de calquera atributo deste tipo, pódese utilizar sempre, aínda que non se inclúe no dominio especificado explicitamente en cada unha das fichas de fenómeno, e que se define a continuación.

O valor **“/atributo nulo”** adóptase cando, polas características do formato de implementación, o devandito atributo no é de aplicación ao fenómeno ao que fai referencia. O código asociado a este valor é “ATN”.

b. Atributos cualificadores de uso xeneralizado

A continuación presentase un conxunto de atributos cualificadores que se utilizan de forma xeneralizada no catálogo, xa sexa para todos os fenómenos do dicionario ou para un importante subconxunto deles. Resulta moito máis aclaratorio describir o seu significado e o dos seus valores neste punto, para evitar confusións e a repetición innecesaria de conceptos nas fichas do catálogo.

b.1. Atributo Compoñente 1D

O atributo COMPONENT1D define os diferentes roles que poden cumprir os distintos tramos de liña asociados a unha entidade de fenómeno concreta, co obxectivo de podela representar de forma apropiada e correcta. Polo tanto, os diferentes tramos de liña que forman unha entidade de fenómeno poden tomar valores distintos segundo este atributo.

Este atributo só é de aplicación aos tramos de primitivas xeométricas de tipo *liña*, aos cales clasifica. En caso doutros tipos de primitivas xeométricas (*punto* ou *polígono*), non ten sentido aplicar esta clasificación e o atributo toma o valor **“/no aplicable”**.

El *gráfico n.º1* pretende mostrar de forma xeral as posibles situacións que poden formularse na modelaxe de fenómenos na BTG segundo o atributo COMPONENT1D, sen ligarse a ningún fenómeno en concreto. Non obstante, en cada ficha especificase cales destes valores son de aplicación ao fenómeno correspondente.




Gráfico n.º1

A continuación presentase cada un dos potenciais valores do atributo COMPONEN1D, xunto coa súa descrición, facendo referencia á zona do gráfico que o ilustra.

O atributo toma o valor **“/borde”** cando o tramo de liña constitúe o borde dunha entidade representada con xeometría poligonal, e non se produce ningunha das condicións para clasificalo como **“/borde coincidente”**, **“/borde virtual”**, **“/borde oculto”** ou **“/borde de case”** (véxase o gráfico n.º 1, A).

Clasifícase como **“/borde coincidente”** cando a liña constitúe o borde dunha entidade representada con xeometría poligonal, nos tramos en que este, pola súa vez, coincide polo menos en proxección co doutra entidade adxacente, do mesmo ou diferente fenómeno, considerado de maior prioridade gráfica, sempre que os fenómenos das dúas entidades que interaccionan non forme parte desta rede e non se produce ningunha das condicións para clasificalo como **“/borde virtual”**. Neste caso, o borde común pertencente á entidade con maior prioridade clasifícase como **“/borde”** (véxase gráfico n.º 1, B).

No caso en que se cumpran as condicións anteriores pero non exista unha diferenza de prioridade gráfica entre as dúas entidades do fenómeno que interactúan (ou esta non está clara), unha delas debe considerarse na súa modelización como prioritaria, clasificando o borde común desta como **“/borde”** e o da outra entidade, consecuentemente, como **“/borde coincidente”**.

A clasificación de unha liña como **“/borde oculto”** ten prioridade sobre **“/borde coincidente”**, no caso de que se cumpran simultaneamente as circunstancias para consideralas como tales.

Considérase o valor **“/borde virtual”** cando a liña constitúe o borde dunha entidade representada con xeometría poligonal, nos tramos en que este coincide, pola súa vez, co doutra entidade



adxacente, do mesmo ou diferente fenómeno, sempre que os dous fenómenos que interaccionan formen parte da mesma rede (por exemplo, caso da confluencia de dúas correntes naturais recollidas ambas polos seus bordos, dunha corrente natural e unha corrente artificial recollidas ambas polo seus bordos, dunha corrente natural recollida polos seus bordos e un embalse, dunha corrente natural recollida polos seus bordos e o mar, dúas estradas, dunha estrada e un camiño etc.). Cando se presenta esta situación os tramos de liña implicados captúranse coincidentes en planimetría e clasificados con este valor de atributo. Poden existir dúas posibilidades na súa captura:

- Na primeira, unha das entidades ten claramente menor orde xerárquica na rede fronte a outra (por exemplo, cando unha corrente natural afluente se atopa con aquela na que desemboca) (véxase o gráfico n.º 1, C); o bordo común clasifícase como “/borde virtual” e captúrase como se fose a prolongación teórica do bordo da entidade de maior orde xerárquica na rede.
- Na segunda, dúas entidades diferentes conflúen para formar unha nova entidade distinta ás anteriores (véxase o gráfico n.º 1, D); a adxacencia de cada unha destas dúas entidades afluentes coa nova entidade formada, prodúcese ao longo da liña de prolongación teórica do bordo da entidade afluente restante, clasifícase como “/borde virtual”.

Tamén se clasifican con este valor de atributo os contornos aparentes dunha entidade representada con xeometría poligonal que se forman cando unha entidade máis elevada doutro fenómeno a cruza superiormente (por exemplo, unha ponte), producindo unha ocultación e unha fragmentación na súa representación en planta (véxase o gráfico n.º 1, E).

As liñas clasificadas co valor “/borde virtual” segundo o atributo COMPONENT1D e que separan dúas entidades poligonais adxacentes, poden ser potencialmente disoltas para agrupar entidades poligonais, obtendo algún dos seguintes resultados:

- Agrupación de elementos poligonais pertencentes a unha mesma rede, sen discriminar entre os diferentes tipos de fenómeno que a forman e sen a fragmentación que implica a modelización das súas posibles ocultacións.
- Entidades de fenómeno completas, sen a fragmentación que implica a modelización das súas posibles ocultacións.

Para aquelas entidades de fenómeno representadas con xeometría poligonal, que forman parte dunha rede e constitúen pola súa vez un extremo o terminación desta, clasifícase como “/borde virtual” a liña de bordo final transversal a dirección da rede, que cerra a entidade, máis alá da cal a rede non continúa (exemplos: en estradas e camiños cortados, a liña de bordo no que se produce este corte - véxase o gráfico n.º 1, R).

Adicionalmente, nas zonas de interrupción momentánea da rede nas cales esta só se modeliza mediante liñas de eixo para asegurar súa continuidade, os bordos extremos que delimitan a devandita interrupción, que pertencen a entidades de fenómeno representadas mediante xeometría poligonal que forman parte da rede, clasifícanse tamén como “/borde virtual” (exemplos: estrada en túnel, curso natural ao cruzar unha presa - véxase o gráfico n.º 1, P).

Clasifícase como “/borde oculto” cando a liña constitúe o bordo dunha entidade representada con xeometría poligonal, nos tramos en que este se encontra oculto baixo unha entidade máis elevada doutro fenómeno (por exemplo, unha ponte) (véxase o gráfico n.º 1, F, e represéntase para asegurar a continuidade da entidade na base, se se segue o caso xeral de modelización das ocultacións (véxase o apartado 2.3.2).





No caso de que se produzan ambas as circunstancias, a clasificación dunha liña como “/borde oculto” ten prioridade sobre “/borde coincidente”.

Cando a modelización dun fenómeno con xeometría poligonal queda dividida polo límite da folla cartográfica, este represéntase na base mediante dúas entidades poligonais adxacentes entre si, separadas por un bordo común clasificado como “/borde case” e que coincide co límite da folla cartográfica (véxase el gráfico n.º 1, S).

O atributo toma o valor “/eje” cando o tramo de liña constitúe o eixo imaxinario dunha entidade representada con xeometría poligonal (caso no que se representan os seus bordos), e non se produce ningunha das condicións para clasificalo como “/eje oculto” ou “/eje conexión” (exemplo: véxase o gráfico, G).

Clasifícase como “/eje oculto” cando a liña constitúe o eixo imaxinario dunha entidade representada con xeometría poligonal (caso no que se representan os seus bordos) (exemplo: véxase o gráfico, H), nos tramos en que este se atopa oculto baixo unha entidade máis elevada doutro fenómeno (por exemplo, unha ponte), e represéntase para asegurar a continuidade da rede correspondente a este fenómeno na base, se se segue o caso xeral de modelización das ocultacións (véxase o apartado 13.3.2).

Clasifícase como “/eje conexión” cando a liña constitúe a prolongación dunha liña eixo e dunha entidade para conectala co eixo da outra entidade, nos tramos situados no exterior da primeira e incluídos no interior desta última (exemplos: véxase o gráfico, I y D) ou incluídos no interior doutra entidade diferente para atravesala (exemplos: véxase o gráfico, P), e represéntase para asegurar a continuidade da rede correspondente na base.

O atributo toma o valor “/lineal” cando o tramo da liña constitúe o eixo representativo polo cal queda definida unha entidade con xeometría lineal (caso no que non se recollen os seus bordos), e non se produce ningunha das condicións para clasificalo como “/lineal coincidente”, “/lineal oculto” o “/lineal conexión” (exemplo: véxase o gráfico, J).

O atributo toma o valor “/lineal coincidente” cando a liña constitúe o eixo representativo polo cal queda definida unha entidade con xeometría lineal (caso no que non se recollen os seus bordos), nos tramos en que este coincide, pola súa vez, co eixo (exemplo: véxase o gráfico, K) ou o bordo (exemplo: véxase o gráfico n.º 1, L) doutra entidade dun fenómeno que se considere de maior ou igual prioridade.

Clasifícase como “/lineal oculto” cando a liña constitúe o eixo representativo polo cal queda definida unha entidade con xeometría lineal (caso no que non se recollen os seus bordos), nos tramos en que este se encontra oculto baixo unha entidade máis elevada doutro fenómeno (por exemplo, caso que estea baixo unha ponte) (exemplo: véxase o gráfico n.º 1, M), e represéntase para asegura a continuidade da rede correspondente a este fenómeno, se se segue o caso xeral de modelización das ocultacións (véxase o apartado 13.3.2).

O atributo toma o valor “/lineal conexión” cando o tramo constitúe a prolongación dunha liña clasificada como “/lineal” (caso no que non se recollen os seus bordos) para conectala co eixo imaxinario doutra entidade con xeometría poligonal, nos tramos incluídos entre os bordos desta última (exemplo: véxase o gráfico n.º 1, N), e represéntase para asegurar a continuidade da rede correspondente na base.

Finalmente, tamén se clasifican con este valor do atributo COMPONENT1D os tramos de liña que constitúen o eixo representativo polo cal queda definida unha entidade con xeometría lineal



O *gráfico n.º 2* pretende mostrar de forma xeral as posibles situacións que poden formularse na modelaxe de fenómenos na BTG segundo o atributo COMPONENT2D, sen ligarse a ningún fenómeno en concreto. Non obstante, en cada ficha especificase cales destes valores son de aplicación ao fenómeno correspondente.



Cando se segue o caso xeral de modelización de ocultacións (véxase o apartado 2.3.2), na BTG inclúese a superficie oculta, modelizada mediante unha primitiva xeométrica polígono clasificada mediante o valor “/oculto” do atributo COMPONENT2D (véxase o gráfico n.º 2, A).



O resto de primitivas polígono que non se encontran ocultas, sempre toman o valor **“/caso genérico”** (exemplo: véxase o gráfico n.º 2, B).

No caso doutros tipos de primitivas xeométricas (*punto* ou *liña*), non ten sentido aplicar esta clasificación do atributo COMPONENT2D, tomando o valor **“/no aplicable”** (exemplo: véxase o gráfico n.º 2, C).

b.3. Atributo Situación

O atributo SITUACIÓN clasifica o tramo dunha entidade segundo súa posición vertical relativa respecto á superficie terrestre.

Cando o tramo se encontra sobre a superficie terrestre, o atributo toma o valor **“/en superficie”**.

Nas ocasións en que o tramo estea elevado respecto da superficie terrestre por medio dalgún tipo de soporte, clasifícase como **“/elevado”**.

Se polo contrario, o tramo da entidade se encontra baixo o nivel da superficie terrestre, xa sexa subterráneo ou soterrado (por exemplo, en túnel), toma o valor **“/soterrado ou subterráneo”**.

Existen outros dous posibles valores, aplicables tan só nas vías de comunicación cando teñen que atravesar ou salvar unha masa de auga. Cando un tramo dunha vía atravesa a nivel unha masa de auga (*Corriente natural*, *Aguas quietas*) o atributo toma o valor **“/en vado”**, para remarcar que para pasar por este tramo é necesario entrar en contacto coa auga. Se os vehículos que pasan pola vía poden salvar a masa de auga cruzándoa mediante algún sistema de navegación que os leve dun extremo a outro, o atributo toma o valor **“/en trasbordador”**.

En calquera caso, se non se especifica a posición vertical relativa do tramo da entidade segundo este atributo, este toma o valor **“/sin clasificar”**.

b.4. Atributo Estado

O atributo ESTADO clasifica a entidade ou o tramo dunha entidade, frecuentemente unha edificación ou unha infraestrutura, segundo o uso que na data de captura de datos se faga deste/a

O atributo toma o valor **“/en uso”** se actualmente se está usando a entidade ou o tramo da entidade para a función a que está destinada. Polo contrario, se se encontra en construción ou en proxecto, clasifícase como **“/en construción”**. Clasifícase como **“/en pruebas”**, cando está construída pero se encontra en fase de revisión para asegurar o seu servizo segundo uso ao que se destina.

O atributo toma o valor **“/abandonado”** cando xa non se utiliza nin se conserva, e queda a súa pegada no terreo.

O atributo toma o valor **“/en ruinas”** cando evidencia un pésimo estado, decadencia ou ameaza con caer.

Cando non se estableza o uso que se estea facendo da entidade ou o tramo da entidade, adopta o valor **“/sin clasificar”**.

b.5. Atributo Regimen

Para algúns fenómenos do tema de hidrografía considerase o atributo REGIMEN, que clasifica os tramos (xa sexan de tipo *liña* ou *polígono*) dunha entidade segundo o réxime de augas que estes posúan, é dicir, segundo o conxunto das variacións estacionais do seu nivel de auga a causa de factores climáticos ou físicos.

No caso de que o réxime sexa tal que se garante a permanencia do tramo da entidade habitualmente durante todo o ano, o atributo toma o valor **“/permanente”**. No caso de que este sexa estacional,



clasifícase como “/no permanente”.

Cando o réxime de augas da entidade varía segundo a marea nun tramo, o atributo toma o valor “/mareal”.

Cando non se efectúa a clasificación segundo o atributo *Regimen*, o atributo toma o valor “\sin clasificar”, e cando non ten sentido esta clasificación para algún dos fenómenos implicados, o atributo toma o valor “\no aplicable”.

b.6. Atributo Grupng

Os fenómenos incluídos na capa de nomes xeográficos son susceptibles de clasificarse mediante este atributo. Esta clasificación asigna cada entidade do fenómeno a un grupo de elementos xeográficos segundo as categorías definidas no dominio do atributo GRUPNG.

O dominio deste atributo tamén se inclúe no anexo 1 deste *Diccionario de Fenómenos*.

13.4.2. Atributos complementarios

O segundo tipo de atributos son os que achegan información complementaria sobre o fenómeno, sen caracterizalo dende o punto de vista da BTG 1:5 000 e sen participar na diferenciación de casos. Teñen un dominio variable, correspondendo fundamentalmente a valores numéricos ou cadeas de caracteres que definen propiedades únicas do fenómeno (nome, altitude, profundidade, orixe de altitude, orixe da profundidade etc.).

a. Valores comúns aos atributos complementarios

Existen tres valores prefixados, que poden utilizarse sempre en todos os atributos deste tipo e que teñen un significado específico con relación ao seu contido.

O valor “9000” adóptase cando, por descoñecemento ou por non incluír o seu valor, non se especificou o valor do atributo.

O valor “9500” adoptase cando, por non ter sentido ou por algún outro motivo xustificado, á entidade do fenómeno que se vai discriminar non lle é de aplicación este atributo.

Finalmente, o valor “9999” adoptase cando, polas características do formato de implementación, este atributo non lle é de aplicación ao tipo de fenómeno ao que fai referencia.

b. Atributos complementarios de uso xeneralizado

b.1. Atributo Nombre

O atributo NOMBRE almacena o topónimo ou nome xeográfico polo cal se coñece a realidade xeográfica modelizada polo fenómeno na BTG. No caso dos fenómenos pertencentes ao tema “Nombres geográficos”, inclúe a denominación textual asignada á entidade.

b.2. Atributo Idioma

O atributo *IDIOMA* constitúe un atributo cualificador especial, diferente ao resto, xa que fai referencia ao contido do atributo complementario NOMBRE. Utilízase para especificar o idioma no que se inclúe o nome xeográfico contido deste último atributo.

O dominio deste atributo está formado por aqueles idiomas e códigos recollidos na norma ISO 639_2 (Alpha-3 Code), utilizada no Núcleo Español de Metadatos - NEM v1.1., presentes na seguinte táboa.



CÓDIGO	DESCRIPCIÓN
spa	español ou castelán
cat	catalán - valenciano
eus	éuscaro
glg	galego
arg	aragonés
ast	asturiano
oci	aranés
mis	múltiples linguas (multilingüe)
und	indeterminado (non dispoñible)

13.5. Controis de calidade

Os controis de calidade específicos aplicados aos fenómenos da BTG 1:5 000 inclúense na ficha do catálogo correspondente.

En cambio, existe unha serie de controis, pola súa natureza aplicables a todos os fenómenos da BTG 1:5 000 ou a un subconxunto considerable deles, que non se inclúen nas fichas (para evitar repeticións innecesarias), detallándose a continuación en función da variable de calidade á que se asocian:

- **Consistencia lóxica**

Consistencia conceptual:

- Solapamento de instancias.
- Duplicidade de vértices.
- Bucles.
- Continuidade entre follas.
- Vértices superfluos.
- Resolución de ancoraxes.
- Peche de recintos: aplicable a fenómenos lineais e/ou poligonais que delimitan zonas.
- Liñas en recintos:

Eixos en recintos: verificación de que os eixos son interiores ao polígono ou liñas bordo que lle correspondan; aplicable a aqueles fenómenos no que se captura o eixo dos bordos.

Esquemas en recintos: verificación de que as liñas de esquema para as que se definira a condición de que sexan interiores ao polígono ou liñas bordo que lle correspondan; aplicable a aqueles fenómenos no que se capturan liñas de esquema interiores a este recinto.

- Conectividade: aplicable especialmente a fenómenos para os cales está previsto que formen unha rede.
- Mínimos.
- Clases de recinto: aplicable a aqueles fenómenos co atributo COMPONENT1D, controlando que seus valores sexan os permitidos no modelo de datos.

Consistencia de dominio:



- Control de códigos: aplicable a aqueles fenómenos que posúan atributos.
- Control de atributos (existencia e dominio): aplicable a aqueles fenómenos que posúan atributos.

• **Exactitude temática**

Corrección do nome xeográfico:

Control do nome xeográfico: aplicable a aqueles fenómenos co atributo tipo *Nombre* e os correspondentes ao tema *Nombres geográficos*.

14. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DOS FENÓMENOS

As características particulares de cada fenómeno son explicitadas na ficha do catálogo correspondente. Consúltase esta ficha para maior información sobre un fenómeno específico.

A continuación faise un breve resumo do contido de cada un dos apartados da ficha tipo, especificando os criterios con que se presenta a información en ela.

14.1. Fenómeno

Este apartado, que constitúe a cabeceira da ficha, está destinado á presentación do nome que adopta o fenómeno e seu código asociado, que é seu identificador único no catálogo.

En función do nivel xerárquico ao que pertenza o fenómeno en cuestión, o título do apartado adopta o seguinte formato “**FENÓMENO NX**”, onde “**X**” representa un número de orde que indica o nivel que ocupa o fenómeno na xerarquía, e que pode tomar os valores 1, 2 ou 3.

Na ficha dun fenómeno non se fai alusión ao tema ao que se asocia. Véxase no apartado **Catálogo de fenómenos**, para coñecer o tema ao que se asocia un determinado fenómeno.

14.2. Definición

Neste apartado achégase unha definición para o fenómeno considerado, que constitúe unha guía para recoñecer os entes do mundo real que son modelados mediante entidades deste.

14.3. Xeometría

Neste apartado especificanse os tipos de primitivas xeométricas que poden adoptar as entidades do fenómeno considerado de entre as tres posibles: *punto*, *liña* e *polígono*.

No caso de que a obtención do fenómeno requira da aplicación dalgún tipo de orientación na captura dunha primitiva de tipo *punto* ou *liña*, este feito especificase a no apartado *Clasificación e método de obtención* da ficha, e opcionalmente en *Notas*.

14.4. Atributos

Neste apartado da ficha realízase unha enumeración dos atributos considerados para o fenómeno,

distinguíndose os de dominio fixo e dominio variable.

Para cada atributo de dominio fixo (atributos cualificadores) achégase o nome e unha sucinta descrición. Xunto a eles inclúese a enumeración dos posibles valores que poden tomar o atributo, acompañada dos códigos asociados a cada valor (3 caracteres en maiúscula) e unha concisa descrición de cada un deles para axudar a realizar a clasificación do fenómeno segundo este atributo.

Todas estas descricións son ampliadas no apartado *Clasificación y método de obtención* da ficha.

Para os atributos de dominio variable (atributos complementarios) inclúese a magnitude mesurada, a tipoloxía do campo e unha descrición da variable. Na ficha diferéncianse polo seu nome en cursiva.

